

Convocatoria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego para o día 20 de xaneiro de 2022.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, debe realizar sesión ordinaria os xoves da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, e á vista dos expedientes de competencia da dita comisión que constan con proposta de resolución nesta Secretaría Xeral, propono que pola Presidencia da comisión, se dite a seguinte resolución:

Convocar a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego en sesión **ordinaria**, para o **día 20 de xaneiro de 2022**, ás 17:00 horas, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2022/4F/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 9 de decembro de 2021.

2. 2021/17466K PRESIDENCIA

Aprobación das bases reguladoras do Programa BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para servizos complementarios de atención á infancia 2022.

3. 2021/17465C PRESIDENCIA

Aprobación das bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións a puntos de atención á primeira infancia- PAI para o exercicio 2022.

4. 2021/17463H PRESIDENCIA

Aprobación das bases reguladoras Programa BenOurense Persoal Técnico 2022.

5. 2021/17460S PRESIDENCIA

Aprobación das bases reguladoras Programa BenOurense para o servizo de axuda no fogar básico – SAF básico para o exercicio 2022

6. 2022/613Q NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Socialista sobre a reforma laboral para a creación de emprego estable e de calidade.

7. MOCIÓN DE URXENCIA.

8. ROGOS E PREGUNTAS.